



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO, O COLEXIO DE AVOGADOS DE PONTEVEDRA E O COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA EXPERIMENTAL DE MEDIACIÓN FAMILIAR INTRAXUDICIAL PARA O ANO 2020 EN PONTEVEDRA

Santiago, 20 de novembro de 2020

REUNIDOS

D. **Alfonso Rueda Valenzuela**, vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 112/2020, do 6 de setembro, polo que se nomean aos titulares dos departamentos da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

D. **Ramón Jáudenes López de Castro**, decano do Ilustre Colexio de Avogados de Pontevedra, actuando en nome e representación deste.

E Dña. **M^a Rosa Álvarez Prada**, decana do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, rexistrado co número 13 no Rexistro Oficial de Colexios Profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia creado por Decreto 161/1997, do 5 de xuño.

As partes, no nome e representación en que concorren, e coa capacidade legal para este acto,

EXPOÑEN:

Primeiro. Á Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo correspóndenlle, entre outras, as competencias en materia de impulso, implantación e desenvolvemento de programas e actuacións de desxudicialización de conflitos e de promoción da mediación, especialmente no ámbito de menores e familia, tal e como establece o Decreto 74/2018, do 5 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.





Segundo. O Colexio de Avogados de Pontevedra é unha corporación de Dereito público amparada pola lei e recoñecida polo Estado, con personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, entre os que destacan a ordenación do exercicio da profesión e a formación profesional permanente dos avogados, así como a colaboración no funcionamento, promoción e mellora da Administración de xustiza.

Terceiro. O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia é unha corporación de Dereito público amparada pola lei e recoñecida polo Estado e ten como competencias propias o ordenamento do exercicio da profesión de psicólogo/a en todas as súas formas e especialidades, a súa representación exclusiva e a defensa dos intereses profesionais das persoas colexiadas, a vixilancia do exercicio da profesión, facilitando o coñecemento e cumprimento de todo tipo de disposicións legais que afecten á profesión de psicólogo/a, e facendo cumprir a ética profesional e as normas deontolóxicas do/a psicólogo/a, así como velar polo axeitado nivel de calidade das prestacións profesionais das persoas colexiadas.

Cuarto. As partes coinciden na necesidade de difundir a mediación familiar como unha técnica de resolución de conflitos, e máis concretamente como un proceso no que a parella acepta a intervención neutral e cualificada dunha terceira persoa (o mediador familiar), que tratará de que atopen por si mesmos un acordo duradeiro e mutuamente aceptable considerando as necesidades de cada membro da familia, e especialmente as dos nenos, dentro dun espírito de responsabilidade compartida e de igualdade dos proxenitores.

A mediación como procedemento pode dar solución extraxudicial dun xeito rápido e económico aos conflitos mediante procedementos adaptados ás partes. Nesta liña se describe na Directiva 2008/52/CE do Parlamento Europeo e do Consello da Unión Europea, que no seu artigo 3 a define como un procedemento estruturado, sexa cal sexa o seu nome e denominación, no que dúas ou máis partes en conflito tentan voluntariamente acadar por si mesmas un acordo sobre a resolución do seu litixio coa axuda dun mediador, procedemento que pode ser iniciado polas partes, suxerido ou ordenado por un órgano xurisdiccional ou prescrito polo Dereito dun Estado membro.

Neste senso, considérase que a mediación intraxudicial (aquela que se leva a cabo cando o proceso xudicial xa está iniciado) resultaría ser unha metodoloxía axeitada e válida para resolver unha porcentaxe significativa de procesos xudiciais, sobre todo naqueles casos en que as dúas partes deberán continuar relacionándose no futuro por teren intereses comúns, o que se adapta perfectamente aos casos dos procesos de ruptura familiar con fillos menores.





Quinto. As administracións públicas poden formalizar convenios de colaboración con outras entidades públicas e mais con persoas xurídicas suxeitas ao Dereito privado, ao abeiro do disposto no artigo 48 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e mais no Acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público por Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991.

Sexto. En data 27 de abril de 2017 o Consello Xeral do Poder Xudicial e a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo da Xunta de Galicia asinaron un Convenio Marco de Colaboración para o impulso da mediación e doutras formas pacíficas de resolución de conflitos como fórmula alternativa e/ou complementaria ao proceso xudicial, apostando por un modelo de administración de xustiza que incorpore plenamente a mediación, ou calquera outro sistema de resolución pacífica de conflitos, como alternativa ou complemento ao proceso xudicial, co fin de procurar unha xestión mais eficaz, rápida e satisfactoria do mesmo e de garantir o acceso á xustiza, entendido como un dereito fundamental.

O citado Convenio Marco establece a creación de mecanismos de comunicación entre ambas as institucións que permitan un intercambio fluído de información e faciliten un axeitado coñecemento dos recursos dos que dispón cada parte e do seu funcionamento, axilizando ademais a súa xestión, coa finalidade de mellorar o aproveitamento tanto dos servizos xudiciais coma dos de mediación e restantes instrumentos de resolución pacífica de conflitos, contribuíndo a unha maior difusión e sensibilización social.

Sétimo. Para dotar da maior eficacia o proceso de mediación, considérase que se debe constituír un equipo multidisciplinar de mediación no que se integren, por unha banda, xuristas que lles expliquen ás partes a lexislación aplicable á súa relación e, ao mesmo tempo, as necesidades e particularidades do proceso, orientándoas para chegaren a un acordo que poida ser validado dentro do proceso civil ao que se deberán enfrontar; e, por outra banda, psicólogos que poidan resolver os problemas de achegamento e enfoque das partes en conflito, con vistas a acadar o clima necesario para a negociación.

É por isto que se considera que para o funcionamento deste programa experimental e de promoción do servizo de mediación familiar intraxudicial en Pontevedra resulta conveniente a colaboración co Colexio de Avogados de Pontevedra e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, dado que estas institucións dispoñen dos medios suficientes para desenvolver axeitadamente o programa.





Por todo o exposto, as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración con base nas seguintes

CLÁUSULAS:

Primeira. Obxecto do convenio.

O obxecto do presente convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, o Colexio de Avogados de Pontevedra e mais o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia para a promoción do servizo de mediación a través do desenvolvemento dun programa experimental de mediación familiar intraxudicial gratuíta en Pontevedra, que poderá estender os seus servizos aos partidos xudiciais limítrofes en función da dispoñibilidade dos mediadores, para cuxo efecto se procederá á constitución dun equipo permanente de mediación, dependente do Colexio de Avogados de Pontevedra e do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, composto por un psicólogo e un xurista habilitados e inscritos no Rexistro de Mediadores Familiares (así como dos respectivos suplentes para supostos de incompatibilidade e incapacidade).

Segunda. Obrigas dos beneficiarios

O Colexio de Avogados de Pontevedra e mais o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia comprométense a:

1. Realizar as actividades previstas no proxecto que se recolle no anexo I deste convenio. A dotación de persoal dedicada a estes fins estará sometida ás directrices do Colexio de Avogados de Pontevedra e mais do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, respectivamente, e o dito persoal non terá relación laboral coa Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo.
2. Destinar os fondos percibidos ao financiamento dos gastos necesarios para levar a cabo as actuacións referidas na cláusula primeira.
3. Achegar á Administración autonómica, cando lle sexa solicitada, información sobre as actividades realizadas.
4. Consentir expresamente a inclusión dos datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, de conformidade coa disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do





29 de decembro, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e mais co artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

5. Dar axeitada publicidade ao carácter público do financiamento das actuacións obxecto do presente convenio, cumprir todas as condicións e obrigas recollidas nel e someterse ás actuacións de supervisión e control previstas no mesmo, así como observar as demais obrigas esixidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

6. Este convenio será obxecto de publicación, de acordo co previsto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Administración pública galega. Así mesmo, incluírase no Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios, de conformidade co Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e mais co artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

7. As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal de transparencia e Goberno aberto

8. Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e ao Consello de Contas.

9. As partes asinantes virán obrigadas en materia de protección de datos a cumprir co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), e coas demais disposicións vixentes sobre a materia. Esta obriga subsistirá aínda cando finalice a súa colaboración coa Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo

Terceira. Protocolo de actuación.

a) Actuación dos fiscais e dos xulgados de primeira instancia implicados no programa:





A mediación intraxudicial nos procesos de familia realizarase de conformidade co disposto no protocolo de derivación anexo ao presente convenio.

Os xuíces de familia e mais os fiscais poderán, se así o estiman oportuno, avaliar os casos concretos nos que, polas súas características específicas, resulta recomendable intentar un proceso de mediación, e nestes supostos, informar ás partes acerca da existencia deste servizo de mediación e das posibilidades que lles ofrece, recomendando a asistencia a, tan sequera, unha sesión informativa previa.

No caso de que as partes acepten a mediación, o xulgado, de acordo co protocolo de derivación mencionado, fixará a data para a primeira xuntanza co equipo de mediación, xuntanza que terá os efectos sinalados no artigo 13 da Lei 4/2001, do 31 de maio, reguladora da mediación familiar.

Para tal efecto deberanse aparelar os medios necesarios que permitan garantir a inmediata citación das persoas interesadas, así como valorarse a utilidade de crear axendas únicas informáticas de uso compartido entre as oficinas dos xulgados e o equipo de mediación. Subsidiariamente disporase a máis inmediata comunicación telefónica ou mediante fax.

Os letrados das partes poderán asistir ao inicio desta xuntanza informativa co obxecto de recibir do equipo de mediación toda a información que precisen e de que se clarexe calquera dúbida sobre o desenvolvemento do proceso.

O xulgado, tal e como se indica no antedito protocolo de derivación, remitiralle ao equipo de mediación toda a información necesaria para o desenvolvemento axeitado da mediación: identificación do xulgado, número dos autos, tipo de procedemento, identificación das persoas participantes e teléfonos de contacto, número de fillos e idades, así como información sobre a suspensión ou non do proceso xudicial iniciado.

b) Actuación do Colexio de Avogados de Pontevedra:

O Colexio de Avogados de Pontevedra designará, de entre os seus colexiados inscritos no Rexistro de Mediadores Familiares, as persoas integrantes (tanto titulares coma suplentes) do equipo de mediación intraxudicial, seleccionando aquelas persoas que pola súa formación específica e experiencia se consideren máis idóneas para o desenvolvemento deste proxecto, tras a correspondente aceptación destas. A tal fin realizarase unha convocatoria de selección acorde a uns criterios que se definirán na mesma.

c) Actuación do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia:

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, designará, de entre os psicólogos inscritos no Rexistro de Mediadores Familiares, as persoas integrantes (tanto titulares coma suplentes) do equipo de mediación intraxudicial que se vai constituír de modo experimental, seleccionando aquelas persoas que pola súa formación específica e experiencia se consideren máis idóneas para o





desenvolvemento deste proxecto, tras a correspondente aceptación destas. A tal fin realizarase unha convocatoria de selección acorde a uns criterios que se definirán na mesma.

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e o Colexio de Avogados de Pontevedra, na formalización da prestación coas persoas seleccionadas, farán constar expresamente o necesario cumprimento do establecido nas cláusulas do presente convenio no que se refire aos horarios, honorarios e duración do proceso de mediación, aos principios esenciais do proceso, ás incompatibilidades dos profesionais, aos compromisos destes e ás causas da súa baixa como integrantes do equipo de mediación.

A prestación profesional contratada administrativamente consonte a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público non xera dereitos nin expectativas de incorporación ao Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia nin ao Colexio de Avogados de Pontevedra dos profesionais seleccionados, que limitarán a súa actuación ás prescricións técnicas do contrato de servizo no ámbito temporal previsto neste convenio.

A subscrición do presente convenio non comporta relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades e a Xunta de Galicia.

Cuarta. Horarios, honorarios e duración do proceso de mediación.

O equipo de mediación desenvolverá o seu labor en horario de mañá e tarde, durante dous días á semana na cidade de Pontevedra, e recibirá por parte do Colexio de Avogados de Pontevedra e do Colexio de Psicoloxía de Galicia unha retribución mensual por un montante fixo, con independencia do número de procesos de mediación atendidos.

Co obxecto de conseguir a maior eficacia, establécese unha duración non superior a un mes para o proceso de mediación, que se computará dende a celebración da primeira xuntanza co equipo de mediación unha vez aceptada a mediación, sen prexuízo da posibilidade de prórroga tras pedimento do equipo de mediación, e de forma xustificada, por un mes máis.

Excepcionalmente poderase establecer unha prórroga por un prazo superior cando se xustifique debidamente, e sen que en ningún caso se superen os tres meses de duración, tal e como se recolle no artigo 14 da Lei 4/2001, do 31 de maio, reguladora da mediación familiar.

Quinta. Principios esenciais do proceso de mediación.

- **Voluntariedade.**- Respetarase en todo caso o principio de voluntariedade na aceptación do proceso de mediación.

- **Confidencialidade.**- A información que se utilice no procedemento de mediación permanecerá reservada, e unicamente se informará sobre a consecución ou non dun acordo. No caso de que a mediación non continúe por desistir algunha das partes, unicamente se informará ao xuíz





deste feito, que carecerá de toda incidencia no axuizamento posterior. En todo caso o equipo de mediación está obrigado a informar ao xuíz e mais ao Ministerio Fiscal dos datos que puideran revelar a existencia dunha ameaza para a vida ou a integridade física ou psíquica dalgunha persoa, ou de calquera feito delituoso.

- **Igualdade das partes.**- Garantirase a plena igualdade e liberdade das partes, interrompéndose a mediación cando se advirta a existencia de calquera indicio de violencia ou de intimidación, ou calquera outra causa que rompa este principio.

- **Homologación de acordos.**- O acordo total ou parcial acadado, se for o caso, no proceso de mediación seralle comunicado ao xulgado polo equipo de mediación, que lles entregará ás partes o acordo de mediación (total ou parcial) e acreditará este punto ao xulgado para efectos de constancia e respectando o principio de confidencialidade, retomándose o proceso cos efectos que correspondan para efectos da súa homologación.

- E os demais establecidos no título II da Lei 5/2012, do 6 de xullo, de mediación en asuntos civís e mercantís.

Sexta. Formación e capacitación dos profesionais.

O Colexio de Avogados de Pontevedra e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia garantirán a formación e capacitación dos mediadores e exercerán o control e supervisión da actividade incluso a través da responsabilidade disciplinaria, conforme a lexislación na materia.

Sétima. Importe e condicións de pago.

1. Co fin de financiar os gastos relativos ao nomeamento do mediador por parte do Colexio de Avogados de Pontevedra e do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, a través dos orzamentos da Dirección Xeral de Xustiza, achegará con cargo á aplicación orzamentaria 05.22.131A.481.0 dos orzamentos de gastos para 2020, un importe máximo de VINTE MIL EUROS (20.000,00 €) desglosado do seguinte xeito:

- 10.000,00 € para o aboamento ao Colexio de Avogados de Pontevedra.
- 10.000,00 € para o aboamento ao Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

2. A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo faralles o pagamento ao Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e mais ao Colexio de Avogados de Pontevedra unha vez que estes presenten a seguinte documentación xustificativa:

- Certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a subvención, de acordo co establecido no artigo 28.5 da Lei 9/2007, do 13





de xuño, de subvencións de Galicia.

- Declaración do conxunto de axudas solicitadas –tanto das aprobadas ou concedidas coma das pendentes de resolución– para o mesmo proxecto ás administracións públicas competentes ou ás súas entidades vinculadas ou dependentes, así como aos entes privados.
- Declaración responsable de acharse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, así como de non ter ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.
- Calquera outra documentación ou material que o Colexio de Avogados de Pontevedra ou o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia consideren necesario presentar para unha mellor xustificación das actuacións obxecto do presente convenio.

O prazo límite para presentar a devandita documentación xustificativa fíxase no 30 de novembro de 2020.

Oitava. Gastos subvencionables.

Con carácter xeral, e de acordo co establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, xeral de subvencións de Galicia, consideraranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen dentro do período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2020 e a data límite de xustificación establecida na cláusula sétima. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Os custos indirectos –tales como axudas de custo, viaxes ou consumibles– formarán parte da xustificación da subvención, sempre que sexan imputados polo colexio de avogados e de psicólogos á actividade subvencionada e en todo caso na medida en que tales custos correspondan ao período en que efectivamente se realiza a actividade, e con data de xustificación comprendida entre o 1 de xaneiro de 2020 e a data límite de xustificación.

O presente convenio non xerará gastos para o Consello Xeral do Poder Xudicial.

Novena. Control.

O Colexio de Avogados de Pontevedra e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia someteranse ás actuacións de comprobación que a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo lle poida requirir para a debida xustificación dos fins deste convenio, así como tamén ás de control financeiro que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma en relación cos pagamentos realizados.





A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo poderá solicitar en calquera momento os documentos que coide oportunos para a debida xustificación do gasto.

En todo caso, e unicamente para efectos estatísticos, o Colexio de Avogados de Pontevedra e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia informarán trimestralmente á Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo sobre os procedementos de mediación realizados polo equipo de mediación, comunicando o número de mediacións realizadas, o xulgado de procedencia e a duración de cada unha delas, así como o resultado final dos procedementos.

O Colexio de Avogados de Pontevedra e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia remitiranlle á Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo unha memoria anual na que se recollan e describan todas as actuacións levadas a cabo polo equipo de mediación.

Décima. Incompatibilidades.

Serán motivos de incompatibilidade que obrigarán a renunciar á realización da mediación, alén dos previstos no artigo 6 do Decreto 159/2003, do 31 de xaneiro, que regula a figura do mediador familiar, o Rexistro de Mediadores Familiares e o recoñecemento da mediación gratuíta, os seguintes:

- a) Ter vínculo de parentesco por consanguinidade ou afinidade ata o cuarto grao con algunha das partes intervinientes na mediación, ou cos seus asesores, representantes legais ou mandatarios, así como compartir o despacho profesional ou estar asociado con estes para o asesoramento, a representación ou o mandato.
- b) Ter intervido profesionalmente con anterioridade no asunto obxecto de mediación.
- c) Ter interese directo, de calquera tipo, no asunto obxecto da súa actuación, ou unha manifesta vinculación –directa ou indirecta– económica, laboral ou doutro tipo que poida comprometer a súa independencia profesional.
- d) Estar adscrito aos gabinetes de orientación familiar, aos servizos de familia e de menores ou aos servizos de persoas maiores, de persoas con discapacidade e de menores dos departamentos territoriais dependentes da Consellería de Política Social.
- e) Calquera outro suposto establecido legal ou regulamentariamente.

Décimo primeira. Compromisos dos mediadores.

En calquera caso cumprírase, en canto aos requisitos que terán que observar o mediador, o disposto no Real decreto 980/2013, do 13 de decembro, polo que se desenvollen determinados aspectos da Lei 5/2012, do 6 de xullo, de mediación en asuntos civís e mercantís.





Así mesmo, o mediador comprométese, ademais a cumprir as obrigas establecidas no artigo 5 do Decreto 159/2003, do 31 de xaneiro, que regula a figura do mediador familiar, o Rexistro de Mediadores Familiares e o recoñecemento da mediación gratuíta, a:

- a) Desenvolver o seu traballo de xeito exclusivo, absténdose de intervir profesionalmente tanto a título profesional coma particular ou privado en calquera outro asunto de familia no ámbito territorial en que se desenvolva o seu labor mediador. Tampouco as persoas coas que poida ter relación laboral poderán levar ningún procedemento de familia namentres desempeñe as súas funcións como mediador.
- b) Realizar os cursos e seminarios de formación que para este efecto sexan convocados polo Colexio de Avogados de Pontevedra ou o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.
- c) Aceptar as encargas de mediación entre as partes nun proceso derivadas do protocolo de actuación previsto no convenio, non sendo que incorran nalgún dos supostos de incompatibilidade recollidos, caso en que serán substituído polo suplente.
- d) Cumprir os prazos establecidos no convenio en relación coa duración máxima do procedemento de mediación.
- e) Respetar as disposicións existentes en materia de incompatibilidade.
- f) Garantir a debida confidencialidade e segredo na súa actuación como mediador.
- g) Enviar ao Consello Xeral do Poder Xudicial, con carácter semestral, a ficha de recollida de datos solicitada por este.

Décimo segunda. Baixa *do mediador*.

Serán causas de baixa do mediador, ademais da voluntaria, as seguintes:

- a) A perda da condición de colexiado.
- b) O incumprimento das condicións ou compromisos do convenio.
- c) A incoación de procedemento penal ou expediente disciplinario.
- d) A actuación a sabendas da existencia de incompatibilidade.
- e) O rexeitamento inxustificado da realización das tarefas encomendadas.

Décimo terceira. Confidencialidade *da información e dos resultados*.

O Colexio de Avogados de Pontevedra, o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e mais os compoñentes dos equipos de mediación comprométese a garantir a total confidencialidade dos datos persoais e familiares aos que teñan acceso como consecuencia das actividades realizadas.





Non obstante, os partícipes no proceso de mediación procederán á cubrición voluntaria dunha enquisa sobre o grao de satisfacción do servizo de mediación.

Igualmente comprométense a observar o establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no que se refire ao acceso limitado aos propios interesados en relación cos documentos que conteñan datos referentes á intimidade das persoas.

Este convenio será obxecto de publicación, de acordo co previsto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Administración pública galega. Así mesmo, incluírase no Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios, de conformidade co Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e mais co artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal de transparencia e Goberno aberto.

En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicarase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

As partes asinantes virán obrigadas en materia de protección de datos a cumprir co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), e coas demais disposicións vixentes sobre a materia.

Décimo cuarta. Comisión de seguimento do convenio.

Segundo o previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, créase a comisión de seguimento de convenio, á que lle corresponde velar polo cumprimento do pactado e pola boa marcha do mesmo, sen prexuízo de que no seu seo se poida tratar de calquera outro asunto vinculado ao seu obxecto e relacionado coa mediación e a Administración de xustiza.

Este órgano estará integrado polos seguintes membros:

- Un representante da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo
- Un representante do Colexio de Avogados de Pontevedra.





- Un representante do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia

Actuará como secretario, con voz pero sen voto, a persoa que exerza a xefatura do Servizo de Coordinación Técnico-Administrativa da Dirección Xeral de Xustiza.

A comisión reunirase de xeito ordinario cada tres meses co obxecto de garantir a calidade do servizo, corrixir disfuncionalidades e analizar a experiencia; e con carácter extraordinario cando sexa necesario, tras pedimento de calquera das partes. Para tales efectos a comisión poderá requirir a presenza dos mediadores.

Décimo quinta. Vixencia do convenio.

A vixencia do presente convenio será a comprendida entre a súa sinatura e o 31 de decembro de 2020; non obstante, abranguerá as accións obxecto do convenio que se realicen dende o 1 de xaneiro de 2020.

Décimo sexta. Natureza xurídica e cuestións litixiosas.

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerase polas cláusulas establecidas nel, quedando fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 de dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se puidesen presentar. Rexerase, así mesmo, pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e mais polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A Administración gozará de todas as prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio.

A orde xurisdiccional contencioso-administrativa será a competente para resolver as cuestións litixiosas que se poidan suscitar entre as partes, conforme o establecido nos artigos 1 e 2 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Décimo sétima. Resolución do convenio.

Será causa de resolución do presente convenio o incumprimento por unha das partes de calquera das obrigas contraídas e/ou cláusulas establecidas nel, así como o incumprimento da normativa vixente na materia, o que facultará outra parte para a resolución do mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos derivados, pero non así as obrigas inherentes.





Décimo oitava. Obriga de cumprimento dos compromisos.

En caso de finalización do presente convenio, calquera que sexa a causa, as partes comprométese a concluír as obrigas e compromisos pendentes asumidos con anterioridade á data de finalización do mesmo.

E en proba de conformidade con canto antecede, e para a debida constancia, asínase o presente convenio de colaboración por sextuplicado exemplar no lugar e data arriba indicados.

POLA VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E
TURISMO

POLO COLEXIO DE AVOGADOS DE
PONTEVEDRA

Alfonso Rueda Valenzuela

Ramón Jáudenes López de Castro

POLO COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE
GALICIA

M^a Rosa Álvarez Prada





ANEXO

PROTOCOLO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA EXPERIMENTAL DE MEDIACIÓN FAMILIAR INTRAXUDICIAL NOS XULGADOS E TRIBUNAIS QUE COÑECEN DE PROCESOS DE FAMILIA

A derivación á primeira sesión informativa presencial (PSIP)

1. Importancia

A primeira sesión informativa presencial (PSIP) é o instrumento máis útil para lles dar a coñecer as vantaxes da mediación familiar intraxudicial ás partes e aos operadores xurídicos.

É esencial que a derivación á PSIP se realice desde o propio xulgado, e tamén resulta importante que a efectúe o xuíz en resolución xudicial, co fin de que as partes acudan. En efecto, se o xuíz é quen fai a derivación, ou ben a realiza o letrado da Administración de xustiza nas comparecencias de inventario ou liquidación de bens, é máis probable que se acuda á sesión.

As partes adoitan estar confundidas sobre o que se pretende na mediación, e o feito de que acudan á PSIP resulta esencial para poder explicar persoalmente o que se pretende e a súa importancia tanto para eles coma para os seus fillos. É por iso que se deben aparelar os medios necesarios que permitan garantir a inmediata citación dos interesados. Considérase útil a creación de axendas únicas informáticas, e á falta destas deberase dispoñer a posibilidade de que o xulgado consiga a cita por teléfono ou fax con carácter inmediato se a PSIP se leva a cabo fóra das instalacións xudiciais.

É importante tamén que o xulgado lle remita ao equipo de mediación unha ficha de derivación, para que conte cuns datos mínimos necesarios que permitan desenvolver a sesión informativa. A dita ficha deberá conter, cando menos, información acerca do número dos autos, do tipo de procedemento, da identificación dos intervinientes, do número de fillos e mais de se suspendeu ou non o procedemento. A ficha será completada unha vez finalizada a PSIP.

A experiencia indica que case todos os asuntos se poden beneficiar da mediación inda que non se consigan acordos. De aí que lograr que non se falte á sesión informativa resulte moi importante.

2. Momento en que pode ser acordada

O xuíz valorará o momento axeitado para a derivación á PSIP, respectando sempre o feito de que nese momento ambas as partes estean debidamente constituídas nos autos.

a) Pódese realizar no proceso principal declarativo, tras a contestación á demanda, incorporando a citación á sesión informativa dentro da resolución que convoca a xuízo e con carácter previo a esa data, pero non hai péga en que sexa noutro momento procesual. Ás veces resulta conveniente a derivación na sentenza cando cómpre a mellora da comunicación entre as partes para tratar de determinadas cuestións relativas aos seus fillos se se prevé que poden ser obxecto de litixios entre as partes, especialmente en cuestións que teñen a ver co exercicio da patria potestade conxunta ou cos réximes de custodia ou visitas, comunicacións e estadías ou gastos extraordinarios.





XUNTA DE GALICIA



b) Cabe tamén realizar a derivación á PSIP no acto de comparecencia ou no propio auto de medidas provisionais previas ou simultáneas, logo de apreciar que o caso pode ser susceptible de mediación.

c) Na fase de execución da sentenza os momentos da derivación poden variar:

- Así, se se trata de controversias sobre o exercicio da patria potestade que se tramiten como expedientes de xurisdición voluntaria, o momento idóneo para a derivación será antes da comparecencia á vista, tras oír os proxenitores sobre a cuestión controvertida, xa que normalmente sinálase vista. Así e todo, tamén se poderá valorar se se fai a derivación tras o escrito inicial, sen prexuízo de sinalar a comparecencia máis tarde e do que diga a outra parte na contestación.

- Se se trata de executar medidas persoais, áchase que unha vez presentada a demanda de execución, e antes de despachar execución, se lle debería dar audiencia á outra parte, e á vista das súas alegacións proceder, se for o caso, á derivación cara á PSIP. Tamén se pode facer a derivación no auto que resolve a executoria dándolles un contido concreto ás sesións de mediación e podendo incluso concretar as datas, co obxectivo non de lograr un acordo senón de evitar a repetición de executorias entre as mesmas partes por cuestións de similar índole (vacacións, gastos extraordinarios, etc.).

- Nos supostos de execución de medidas económicas de cantidade líquida, o momento de derivación será tras a oposición do executado ao despacho de execución, ou ben no auto de resolución da oposición se se establecen intervencións mediadoras de futuro na propia resolución.

Non é conveniente nestes casos suspender o despacho de execución. Se se trata de execucións pecuniarias de cantidade líquida que se tramitan consonte os artigos 712 e seguintes da Lei de axuízamento civil (LAC), a derivación débese facer logo da contestación do executado e antes da vista no xuízo verbal en caso de oposición. Nestes casos ás veces convén tamén derivar cara á mediación no auto que resolve a executoria tras a vista, con contido concreto de cada sesión mediadora e podendo mesmo datalas e incorporar no auto de forma motivada as consecuencias de non acudir ás sesións de mediación previstas na resolución.

3. Asuntos susceptibles de seren derivados á PSIP

A remisión á sesión informativa pódese facer en todos os procedementos de familia, sen limitación apriorística dos temas obxecto de mediación. Non obstante, pode ser recomendable que nunha primeira fase se comece por derivar á PSIP só aqueles asuntos en que a controversia se centre nas medidas de carácter persoal: garda e custodia, visitas, controversias sobre a patria potestade, etc. En todo caso, é recomendable que a PSIP se leve a cabo na sede xudicial nun lugar axeitado para o efecto, con respecto á intimidade e onde sexa posible escoitar coa tranquilidade precisa o profesional que a realiza.

No suposto de se aceptar a derivación, as sesións de mediación faranse xa fóra da sede xudicial.

Á sesión informativa deben acudir as dúas partes, acompañadas ou non de cadanseu(s) letrado(s), que tamén son convidados a acudir (e cóidase conveniente que acudan).



Por lei están excluídos da mediación, e xa que logo da PSIP, os casos en que houbo violencia, ben que ás veces esta é unha información coa que o xulgado non conta, ao non se dicir nada ao respecto nin na demanda nin na contestación.

4. Negativa a acudir á sesión informativa ou a utilizar o servizo de mediación

Da citación á sesión informativa poden resultar varias posibilidades:

- a) Que a parella non asista á sesión informativa ou que non o faga un dos seus membros. Neste caso non se citan outra volta, a non ser que o pidan ambos. Ás veces son os letrados quen piden cambio de data por non poderen acudir á inicialmente indicada.
- b) Que a parella asista, sexa informada e non acepte. Neste caso continúa o proceso, sen que ao xulgado lle deban constar as razóns da non aceptación nin cal dos dous foi o que non quixo a derivación.
- c) Que a parella acepte acudir á mediación. Véxase, para este caso, o seguinte apartado.

Como xa se dixo, considérase conveniente que os letrados interveñan na primeira sesión informativa presencial, sesión que debe constar de dúas partes: unha primeira coas partes e letrados, co fin de que estes obteñan unha información xeral; e unha segunda exclusivamente cos interesados, cun contido de fondo preparatorio das sesións de mediación. Nalgúns xulgados a información aos letrados é proporcionada ao dereito polo propio xuíz.

Intervención do servizo de mediación intraxudicial

a) Derivación ao servizo de mediación

Se as partes deciden someterse á mediación (artigo 770-7ª da LAC), as súas representacións procesuais presentarán escrito (quer conxunto, quer individualizado) facéndoo constar. Cabe tamén a posibilidade de que se a dita manifestación se realiza no acto dunha vista ou comparecencia, quede recollida na propia acta.

Se é soamente unha das partes quen solicita a intervención mediacional, sen deter o curso dos autos oírase a outra parte para que manifeste se mostra ou non a súa conformidade con tal solicitude.

b) Repercusión procesual

1. Suspensión do proceso

Unha vez que ambas as partes están de acordo en acudir á mediación, a solicitude formulada por escrito ou no acto da vista será despachada polo xulgado mediante o pronunciamento dun auto no que se acceda á derivación do caso cara ao servizo de mediación familiar e se acorde a suspensión do proceso polo prazo previsto no artigo 19 da LAC.

Cabe tamén a posibilidade de que se efectúe a derivación á mediación sen suspender o curso dos autos (por exemplo, porque as partes non desexen paralizar o procedemento e exista prazo abondo para practicar as sesións de mediación entre a citación a xuízo e a celebración da vista





correspondente). Neste caso abundará cunha providencia pola que se acorde a intervención do servizo de mediación adscrito ao xulgado, ou con deixar nos autos constancia das manifestacións das partes no caso de que decidan acudir a un servizo privado de mediación.

A derivación cara ao servizo de mediación intraxudicial realizaraa a persoa do xulgado designada para o efecto (membro do equipo de mediación, letrado da Administración de xustiza, funcionario) mediante a correspondente ficha de derivación.

Se unha vez esgotado o prazo de suspensión do curso dos autos non estiveran finalizadas as sesións mediacionais, poderán as partes solicitar unha prórroga, sempre que acrediten mediante certificación do equipo de mediación que continúa a mediación.

Logo de rematar a intervención mediadora con acordo total ou parcial ou sen acordo, o mediador comunicarlle ao xulgado a dita cuestión, entregándolles ás partes, se for o caso, o acordo mediacional alcanzado (total ou parcial) e remitíndolle ao xulgado unha ficha para efectos de constancia, sempre respectando o principio de confidencialidade.

Recoméndase que tanto nos supostos de acordo total ou parcial coma se non houbo acordo se realicen enquisas de satisfacción dos usuarios do servizo de mediación, co fin de valorar o seu funcionamento e podelo mellorar.

2. Reinicio do proceso

Se non se acadou acordo na mediación, levantarase a suspensión do proceso tras pedimento de calquera das partes, retomándose o curso dos autos no trámite en que se encontraba. Recoméndase que estes asuntos teñan prioridade nos sinalamentos por culpa de compensar a demora que o intento mediacional puido xerar. Para tal fin é útil que a circunstancia de que se levou a cabo unha mediación se faga constar en lugar salientable e visible da portada (pódese facer, por exemplo, colocando unha etiqueta rubricada como “MEDIACIÓN”).

Se o acordo foi parcial, deberán as partes darlle a forma legal correspondente e presentalo no xulgado, retomándose o proceso contencioso, en relación coas cuestións sobre as que non se acadou consenso, do xeito exposto no parágrafo anterior. A resolución final que se pronuncie (auto ou sentenza) poderá recoller o acordo acadado sobre as medidas que foran concordadas co equipo de mediación (de non se consideraren prexudiciais para os fillos) e resolverá sobre as que exista discrepancia.

Se o acordo foi total, as partes deberán presentar un escrito solicitando o cambio do procedemento a consensual (art. 770-5ª da LAC), escrito canda o cal achegarán o correspondente convenio regulador previsto nos artigos 90 do Código civil (CC) e 777.2 da LAC, continuándose a tramitación consonte o disposto neste precepto. Se a mediación con acordo total se desenvolveu en trámite de execución, pronunciarase un auto ou ben aprobando os acordos, se non supoñen unha modificación substancial das medidas acordadas no seu día, ou ben acordándoas cautelarmente con base no artigo 158.4 do CC e remitindo as partes ao proceso de modificación consensual do artigo 775.2 da LAC.

